



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Abril 2019 • Nº 235



PREVENCIÓN DE INCENDIOS

■ Recordámoslle a toda a veciñanza que o 31 de maio todas as parcelas deberán ter xestionada a biomasa de acordo co disposto na vixente normativa en prevención de incendios. Así mesmo, deberán estar retiradas todas as especies arbóreas que incumpran as distancias marcadas pola citada normativa.

No caso de San Xián de Sales, parroquia por onde se comezou co plan de actuacións derivado do Plan de incendios municipal, por ser a de maior risco, o concello deu por rematado no mes de marzo o prazo voluntario para a xestión da biomasa nas parcelas incluídas nas redes secundarias de xestión, polo que durante o mes de abril se iniciarán as comprobacións oportunas sobre o cumprimento de ditas obrigas.

VEDRA COAS PERSOAS REFUXIADAS

■ O concello de Vedra abre un rexistro municipal de familias de acollida para persoas refuxiadas. Este rexistro parte dunha iniciativa do PSOE de Vedra e aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos no pasado ano 2018.

Todas aquelas familias que queiran inscribirse neste rexistro municipal deberán dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais, unha vez alí deberán dar conta da súa intención de ser familia de acollida de persoas refuxiadas e despois informaráselles sobre como se desenvolverán estas acollidas.

Para máis información, as persoas interesadas deberán remitirse ao Departamento de Servizos Sociais do concello de Vedra ou no 981 814 693.

AXENDA INICIATIVAS ASOCIATIVAS

■ Descarga “Concello de Vedra” no AppStore ou no PlayStore do teu dispositivo (móbil, tablet, portátil,...) e terás ao teu servizo a App Concello de Vedra coa que

poderás informarte e consultar a actualidade municipal e facer as notificacións que consideres.

ABRIL


L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

AXENDA PARA O MES DE ABRIL

- O **venres 5 de abril** presentación do proxecto **ERASMUS + YOUTHNEST.CREA** incubadora de emprendemento creativo no rural.
- O **sábado 6 de abril** **XXIX Romaría da Terceira Idade de Vedra**.
- O **12, 13 e 26 de abril**, propostas dos programas para a xuventude de Vedra “**Posta a Punto**”.
- O **23 de abril**, día do libro en Vedra coa campaña “**Libros para sermos libres**” da Deputación da Coruña”.

AXENDA INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- Os **3, 15 e o 22 de abril** charlas de AGADEA sobre o **servizo de estimulación terapéutica**.
- O **6 de abril**: **Cicloescusa** da asociación “Ribadoulla”.
- Ata o **13 de abril** continúa **Teatrofilia 2019**, organizada pola Asociación Cultural Papaventos.
- O **13 de abril** rematan as Xornadas Técnicas de **Promoción e Difusión da Cultura do Viño no Camiño**, organizadas pola comisión de festexos de San Miguel de Sarandón.
- O **14 de abril** **XXXIX Exaltación do Viño da Ulla en Sarandón**.



Comezou o Posta a Punto.



Visita ao Pazo da Saleta XXIV Xornadas Arredor da Camelia.



Entroido en Vilanova.



Entroido en San Xián, fotografía cedida por Roberto Blanco.



Entroido en Trobe.



Tarde de entroido en familia na Casa das Artes de Vedra.



Entroido Terceira Idade Vedra.



Comezo Liga de Brisca.



Escola do Móbil... Como sacar fotos co móbil.



Final Liga de Escoba.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Duatlón Ocean Lava 2019.



En marzo rematou o Ciclo Documental Galego de Inverno da Asociación Senunpeso.



ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Festival de Bandas da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Teatrofilia 2019.

Deporte



LIGA DE FÚTBOL SALA CONCELLO DE VEDRA 2018-2019

■ Rematada a liga de fútbol sala Concello de Vedra coa vitoria para o equipo Os Picholeiros, quedando en segunda posición o Aríns F.S. e en terceira o Café Bar 10.

Os Picholeiros, que foi tamén o equipo menos goleado, serán os que representen ao concello de Vedra no torneo intermunicipal que terá lugar no mes de maio no Concello de Arzúa.

Para completar os premios da liga Antonio Almón

Muñoz, xogador do Café Bar 10, foi o máximo goleador da competición.

E tamén rematou a Copa de fútbol sala Concello de Vedra coa Victoria do Reale Lestedo Futsal, en segunda posición quedou Aríns F.S. e no terceiro posto República de Fontao. Así mesmo o equipo máis deportivo da tempada foi o "24 horas: o de sempre".

Parabéns a todos os equipos participantes e moitas grazas pola deportividade!!

CLASIFICACIÓN LIGA DE FÚTBOL SALA CONCELLO DE VEDRA 2018-2019

Nombre	P.	PX	PG.	PE.	PP.	F.	C.	D
Os Picholeiros	46	18	15	1	2	61	24	37
Aríns F.S.	45	18	15	0	3	86	30	56
Café Bar 10	34	18	11	1	6	72	52	20
A Taberna do Souto	29	18	9	2	7	55	48	7
República de Fontao	25	18	8	1	9	75	78	-3
Reale Lestedo Futsal	21	18	7	0	11	64	80	-16
24 Horas O de Sempre	21	18	7	0	11	53	57	-4
Bar Damajuana	17	18	5	2	11	56	86	-30
CPM Eventos	15	18	5	0	13	64	107	-43
A Barra é Nosa	12	18	3	3	12	43	67	-24

SENDEIRISMO CAMIÑO MIÑOTO - RIBEIRO

■ O pasado 16 de marzo o grupo de sendeirismo rematou o Camiño Padre Sarmiento, xesta que celebraron cun xantar de confraternidade. Agora toca afrontar un novo reto... O Camiño Miñoto - Ribeiro cunha primeira etapa o sábado 27 de abril.

Horarios e puntos de recollida:

- Ás 7: 00 h. na Estación de Autobuses.
- Ás 7:05 h. no Hipercor.
- Ás 7:20 h. no Breixo.
- Ás 7:25 h. en Lestedo.
- Ás 7:30 h. en Mosqueiro.

Inscripcións abertas ata o 14 de marzo ou ata cubrir aforo no teléfono 981 814 691

O grupo de sendeiristas de Vedra rematan o Camiño Sarmiento.



Medio Ambiente

EN LOITA CONTRA A VELUTINA

■ Que facer se descubro un niño de velutina

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar as autoridades competentes, ben sexa chamando ao 012 ou ao Concello (981 814 612)
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.


■ Importancia do control da avessa asiática

A vespa velutina ou máis comunmente coñecida como asiática comeza a ser un gran problema para a biodiversidade no noso país. Matan polinizadoras e outros animais para alimentar a súas larvas e ademais de ser unha alarma polas súas picaduras, a súa extensión causa estragos ambientais e económicos, especialmente na comunidade agrícola e apicultora.

■ Como diferenciar os niños

Os niños da Vespa Velutina son de forma redondeada e de maíor tamaño có dunha avessa autóctona. Normalmente entre os 80 cm e 1 metro. Na gran maioría dos casos atópanse no alto das árbores e teñen a entrada por un pequeno furado no lateral do propio niño.

Colabora
poñendo
trampas



■ Diferencias entre vespa velutina e vespa cabro


A principal diferenza entre a vespa velutina e a cabro é a cor. Podémolas confundir polo seu tamaño, pero a avessa autóctona ten o abdome de cor máis amarela, mentres a velutina é de cor máis escura tendo só unha parte do seu abdome de cor amarelo.



Vespa
Velutina



Vespa
Europea
ou Cabro



VEDRA MEDRA CANDO MARZO VAI MEDIANDO, VÉN A PRIMAVERA EMPEZANDO

■ Marzo é un mes de muda. Cambiamos de estación e de hora, remata o inverno e entra a primavera.

En Vedra Medra toca cambiar de actividade. Deixamos atrás a celebración do Entroido Ullán e dámoslle a benvinda a un novo proxecto.

Chamarémoslle “Bótame un capio”, frase feita que os vedreses e vedresas usaban cando demandaban axuda.

AXUDA é o que lle solicitamos nós tamén á comunidade educativa e á veciñanza para iniciar o proceso de recuperación dunha parte do léxico patrimonial en desuso, que non está recollido nos dicionarios ou que se emprega nesta zona pero con acepcións distintas.

Prevemos actuacións dentro e fóra do centro educativo pero serán de especial relevancia as realizadas



Sesión de marzo do proxecto Vedra Medra.

fóra con traballos de campo. Para desenvolverlas imos botar man de dúas ferramentas: os cadernos específicos que nos fornecen desde *Lingua, patrimonio e coñecemento patrimonial* (programa Proxecta 2018-19 da Consellería e a USC, no que somos centro colaborador) e unha *app* de elaboración propia que en breve presentaremos ao público.

Vedra Medra solicita a colaboración de todos os lectores do Boletín para poder dotar de contido esta ferramenta colaborativa.

Desde hai tres anos Vedra Medra vén traballando arreo por un PATRIMONIO VIVO:

Bótanos un capio!!

Xuventude



PROXECTO ERASMUS + YOUTHNEST. CREA INCUBADORA DE EMPRENDEMENTO CREATIVO NO RURAL

■ Tes entre 18 e 30 anos?

Tes coñecementos de inglés medios ou superiores?

Queres participar nun proxecto que che axudará a deseñar o teu futuro laboral e a coñecer o teu potencial?

Infórmate das oportunidades que che ofrece o proxecto YouthNest.crea o vindeiro venres 5 de abril ás 20:00 h. no Centro municipal de formación (Casa da Estación de Santa Cruz de Ribadulla).

Terás o noso apoio, asesoramento e acompañamento no teu proxecto de futuro.

Para máis información contacta con nós a través do teléfono 881 074 410 ou no correo: info@concellodevedra.com



YouthNest.crea

INCUBADORA TRANSNACIONAL DE EMPRENDEMENTO
CREATIVO NO RURAL EUROPEO



CONTINÚA O “POSTA A PUNTO”

■ Continúa a programación do Posta a Punto para a Xuventude de Vedra!! Non te perdas as súas interesantes propostas!!

+INFO, RESERVAS E CONSULTAS NO TELÉFONO
981 814 691

Destinado á mocidade entre 14 e 30 anos.

Programa de Dinamización Xuvenil

POSTA A PUNTO

Val do Ulla 2019

Obradoiro de actualización DINÁMICAS e XOGOS

Venres 12 de abril ás 20 horas

CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN DE VEDRA
(Casa da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla)

Máis info e inscricións:

VEDRA: 981 814 691 | BOQUEIXÓN: 981 513 115 | VILA DE CRUCES: 981 582 017
juventud@concellodevedra.com | ombocautun@gmail.com | concellodeviladecruces@gmail.com

Concello de Vedra | Concello de Boqueixón | Concello de Vila de Cruces | XUNTA DE GALICIA

Destinado á mocidade entre 14 e 30 anos.

Programa de Dinamización Xuvenil

PUNTO A PUNTO

Val do Ulla 2019

CURSO DE MAQUILLAXE E PINTACARAS

Sábado 13 de abril
de 11 a 14 horas e de 16 a 19 horas

CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN DE VEDRA
(Casa da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla)

Máis info e inscricións:

VEDRA: 981 814 691 | BOQUEIXÓN: 981 513 115 | VILA DE CRUCES: 981 582 017
juventud@concellodevedra.com | ombocautun@gmail.com | concellodeviladecruces@gmail.com

Concello de Vedra | Concello de Boqueixón | Concello de Vila de Cruces | XUNTA DE GALICIA

Destinado á mocidade entre 14 e 30 anos.

Programa de Dinamización Xuvenil

POSTA A PUNTO

Val do Ulla 2019

IDEA UN NEGOCIO RÁPIDO

Venres 26 de abril ás 20 horas

CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN DE VEDRA
(Casa da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla)

Máis info e inscricións:

VEDRA: 981 814 691 | BOQUEIXÓN: 981 513 115 | VILA DE CRUCES: 981 582 017
juventud@concellodevedra.com | ombocautun@gmail.com | concellodeviladecruces@gmail.com

Concello de Vedra | Concello de Boqueixón | Concello de Vila de Cruces | XUNTA DE GALICIA

ACCIÓN DE VERÁN 2019

■ Un verán máis o Concello de Vedra en conxunto co de Boqueixón presentan a súa acción de verán na que propoñen as seguintes opcións para participar dun campamento de verán en Sanxenxo con todo tipo de actividades de tempo libre e coa diversión asegurada!!

- **Categoría:** Infantil.
 - **Idades:** nad@s de 2007 a 2010 (ambos incluídos).
 - **Instalacións:** Camping Cachadelos (Sanxenxo).
 - **Datas:** do 24 de xuño ao 1 de xullo.
 - **Prazo de inscrición:** do 10 ao 27 de abril.
 - **Prezo:** 195 €
-
- **Categoría:** Xuvenil.
 - **Idades:** nad@s de 2003 a 2007 (ambos incluídos).
 - **Instalacións:** Camping Cachadelos (Sanxenxo).
 - **Datas:** ao 12 de xullo.
 - **Prazo de inscrición:** do 10 ao 27 de abril.
 - **Prezo:** 195 €

Requisitos para a inscrición:

Documentación: Ficha de inscrición (descargar ficha na web) e resgardo de pagamento (ata 10 días antes do comezo da actividade). En caso de non entregalo procederase a baixa na actividade.

As inscricións realizaranse no departamento de cultura ou a través do email cultura@concellodevedra.com

Prazas limitadas con preferencia das persoas empadroadas no concello.

Pagamento:

A través de transferencia bancaria unha vez confirmada a praza.

Descontos:

- 2º fill@ na mesma actividade: 25%
- 3º fill@ na mesma actividade: 50%
- 4º fill@ ou máis: de balde





ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

- **XXIX Romaría da Terceira Idade.**
Sábado 6 de abril a partir das 12:30 h. en Vedra.

Programa: Misa, actuación, xantar... Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket que ten un custo de 10 €/participante. Para a retirada de tickets deben dirixirse ao Centro da Terceira Idade, de luns a sábado, de 18:00 a 22:00 h. O prazo estará aberto dende o 20 de marzo ao 3 de abril.

- **Escola de Saúde: "A saúde visual no rural".**

Xoves 11 de abril ás 20:00 h. no Centro Social.

Impartido polas profesoras da Facultade de Óptica e Optometría da USC, Dra. Covadonga Vázquez Sánchez e Dra. Luz Gígyrey Prieto.

- **Obradoiro de xardinaría de aproveitamento.**

Martes 23 de abril ás 18:00 h.
A desenvolver durante os martes 23 e 30 de abril e 7 e 14 de maio no Centro Social.

- **Excursión aos Cabos do Morrazo (Udra - Home).**



Presentación novo consello do centro e homenaxe ao antigo.



Termas de Outariz e visita ao Mosteiro de Carboeiro

Mércores 24 de abril.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, visitas e xantar) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 10 de abril no teléfono 981 814 695. As prazas e número de asento adxudícaranse

por rigorosa orde de inscrición).

- **Bingo**

Xoves 25 de abril ás 20:00 h.

- **Liga de Brisca**

Todos os luns a partir das 20:00 h.

LUDOTECA

■ O mes de abril vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaremos aos nenos e nenas a convivir cos outros, a ser persoas cunha mirada crítica, tendo o obxectivo de interactuar coas familias, e constituír un punto de orientación. Trataremos de informarnos sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo dos nenos e nenas, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementa-la tarefa educativa que realizan a familia e a escola. Con esta intención, expomos os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogando en valores: Contacontos.
- Experimentos divertidos : "O profesor chifrado"
- "Mr/s. Manitas"
- Descubre e investiga: " os xogos "

O horario de apertura nas vacacións de semana santa será de 8:30 a 14:30 h. Para calquera información poñerse en contacto no telf.699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



Concello de Vedra



XUNTA DE GALICIA

IMERSO. PROGRAMA DE TERMALISMO PARA O 2019

■ Lembra que ata o 17 de maio estás a tempo de solicitar a túa participación neste programa de termalismo para a terceira idade nas quendas de setembro e decembro.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao Departamento de servizos sociais do concello os luns, xoves e venres de 8:30 a 14:00 h.

MULLER

VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

MULLERES ASASINADAS ANO 2019

14



CONECTADAS POLO EMPREGO

■ O concello de Vedra ten entre os seus obxectivos ser axente facilitador para acadar a igualdade de oportunidades en todos os ámbitos. Neste caso propoñémosvos participar nun acompañamento para facilitar o acceso ao emprego ás mulleres en colaboración co Ministerio de sanidade, consumo e benestar social. Trátase da realización de talleres de apoio ao emprego das mulleres, que se desenvolverán de xeito gratuíto en horarios flexibles para todas as mulleres. Ofrece as seguintes actividades DE MANEIRA GRATUÍTA e en formato virtual, dirixidas a mulleres con necesidades educativas e/ou de inserción ou mellora laboral:

Asesoramento especializado en diferentes cuestións relacionadas con emprego e formación: marca persoal, ferramentas e recursos de procura de emprego axustados aos diferentes perfís profesionais, redefinir obxectivos profesionais, diversificación profesional, información sobre os diferentes plans de formación existentes na actualidade, etc.

Aulas virtuais e seminarios web: pímulas formativas con información sobre diversas técnicas e ferramentas aplicadas á procura de emprego.

Acompañamento e desenvolvemento persoal: para traballar as competencias persoais e profesionais axustadas ao perfil profesional e aos obxectivos laborais das participantes e apoiar a resolución de dificultades que xorden ao longo do proceso.

Se estás interesada en participar chama ao teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

OBRADOIRO “ENREDADAS NOS FEMINISMOS”. ACTIVISMO E O PAPEL DAS MULLERES NA TRANSFORMACIÓN SOCIAL

■ Consiste en talleres nas parroquias do concello de Vedra onde se traballará o apoderamento da muller rural, a construción dunha identidade colectiva, a importancia do asociacionismo, a igualdade de oportunidades, prevención da violencia de xénero, fomento do autoemprego e o cooperativismo. Tamén abordaremos a formación en novas tecnoloxías para a adquisición de competencias que mingüen a fenda dixital que permita estar presente e participar activamente nesta sociedade global.

CONTIDOS DA FORMACIÓN:


1. Introducción ao activismo social, feminismo e perspectiva de xénero.
2. Historia do feminismo.
3. As asociacións de mulleres e o seu papel transformador.
4. Perspectiva de xénero e igualdade de oportunidades.
5. Dinamización e activismo social.
6. Acción local e transformación global.
7. O público e o privado: unha mirada feminista da nosa identidade.

Este obradoiro desenvolverase a partires do mes de maio, para máis información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES
E IGUALDAD



CONTINÚA TEATROFILIA 2019 DA MAN DA ASOC. PAPAVENTOS. PROGRAMACIÓN DE ABRIL

Venres 5 de abril

21:15 h. "Violencia" +12.
Compagnia Teatrale Trebisonda
(Como-Italia).

Sábado 6 de abril

21:15 h. "O inspector" TP.
Teatro Muxicas (Ourense).

Domingo 7 de abril

16:15 h. Tarde infantil
"Detectives en Nadal"
Escola de San Miguel de Sarandón (Vedra).
"Agardando"
Xs Papaventiñxs.

"Isto é... isto é... como era isto?"

Grupo de Teatro da A.C. Coto-manguelo (Orazo).

19:15 h. "República de Gundián"

+12.
Andaravía Teatro (Vedra).

Venres 12 de abril

21:15 h. "Paco Llons, detective privado" TP.
Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.

Sábado 13 de abril

21:15 h. "Pão Nosso" TP.
Teatro de Balugas (Balugães-Portugal).

LEMBRA:

As sesións serán no Centro Social de Vedra.

Prezos: 3€ entrada/persoa adulta. Bono: 7€

Teatrofilia

A.C. SAN CAMPIO. ENCONTRO INTERXERACIONAL DE MÚSICA TRADICIONAL

- Domingo 28 de abril – Campo da Festa de San Miguel de Sarandón
...vide ás "bailas"!

Programa:

- 10:00 h. Obradoiro de creación de "maios" (dirixido a nenos/as e familias)
- 12:00 h. Actuación dos grupos:
 - "Os Cincuenta de Laraño".
 - "Recandea" (Castiñeiriño).
 - "Pandereteiras Dedaleiras".

AGADEA. CHARLAS SOBRE O SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA PARA PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS

- A Asociación AGADEA en colaboración co concello de Vedra propón unas charlas sobre o Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer e outras demencias.

Axenda e horarios das mesmas:

- Mércores 3 de abril ás 20 h. no Centro social da Terceira Idade de Vedra.
- Luns 15 de abril ás 20 h. na Casa da cultura de Santa Cruz de Ribadulla.
- Luns 22 de abril ás 20 h. no Local da Asociación de veciños de San Xián de Sales.

RIBADOULLA CICLO ESCUSA

- Venres 5 de abril

Ribadulla
CICLO-ESCUSA

CICLO CHARLAS

Venres 5 de Abril,
21:00 h. Casa da Cultura
Santa Cruz de Ribadulla, Vedra

MODERADA POR
TERIO CARRERA

BRANDÁN MÁRQUEZ
[TRES LUNAS MTB]

JAVI BUSTO
[EXTOL-LA GRAMOLA]

AGUA KIMCERO

Victoria

Concello de Vedra

Ramsa

elsol

la biela

A NETA RAMBLA



AO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA POLO SEU DUATLÓN OCEAN LAVA GALICIA QUE BATE RECORDS UN ANO MÁIS

■ 105 equipos e preto de 600 deportistas, coa presenza por primeira vez dun equipo de fóra de Galicia, son a carta de presentación do dúatlon de Vedra nas series mundiais Ocean Lava Planet.

O pasado 9 de marzo non foi un día calquera para o club Olímpico de Vedra. Tiña lugar por 6º ano o dúatlon de Vedra, que dende que alá polo ano 2014 arrancara con preto de 250 deportistas como o maior dúatlon de ámbito autonómico, non deixou de medrar ata a impresionante cifra récord deste ano, duplicando a calquera outro evento destas características que se celebre nesta modalidade en Galicia.



O aval de solvencia organizativa amosado en anos anteriores polo club Olímpico de Vedra, permitiu que neste 2019 o noso concello entrara a formar parte das series Ocean Lava Planet, un circuío a nivel mundial con probas en España, Portugal, Chipre, Italia, Eslovenia, Malta, Bélxica, Polonia, Croacia, Grecia, Irlanda e mesmo Sudáfrica. Ademais, co inmenso honor de recibir ao fundador das Ocean Lava Planet Series e pai do triatlón en España, Keneth Gasque, director de carreira e fundador do mítico Ironman de Lanzarote e de moitos outros eventos e unha personalidade mundialmente recoñecida no mundo do triatlón.




Na proba déronse cita 105 equipos, e por primeira vez aberta a equipos de promoción e doutras comunidades rexistraba a primeira participación dun equipo de fóra da nosa comunidade e contaba coa presenza da campioa do mundo de paratriatlón e diploma paralímpica Susana Rodríguez.



Ademais de parte das series Ocean Lava, a competición tamén constituía o campionato galego na modalidade de contra o reloxo por equipos, resultando vencedores en categoría feminina o Náutico de Narón e na masculina o Triatlón Boiro. O Olímpico de Vedra non podía este ano repetir os podios de anos anteriores, malia o que acadaba unhas moi meritorias 5ª posición na proba feminina e 6ª na masculina, con dous equipos moi novos e con moito percorrido. Ademais 4 equipos máis do Olímpico de Vedra tomarían parte na proba Open, coa terceira posición para o equipo feminino.



Facer que a proba resultase un éxito non foi sinxelo, pois un dispositivo de máis de 100 persoas entre voluntariado, organización, xuíces, membros de protección civil, e equipos técnicos e de emerxencias que traballaron intensamente durante a xornada e nos días previos para que todo fose un éxito. O balance inmillorable, cunha climatoloxía favorable, máis de 2.000 persoas entre deportistas e espectadores déronse cita na pista de rodadura de Vedra e a organización non parou de recibir eloxios dende todas as fronteas.



XXXIV EXALTACIÓN DA FESTA DO VIÑO DA ULLA, O 14 DE ABRIL

XXXIX EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA
SAN MIGUEL DE SARANDON - VEDRA
DOMINGO 14 DE ABRIL DE 2019

12.00 h. Inauguración da “Praza do Viño” e da Mostra dos Viños da D.O. Rías Baixas - Subzona Ribeira do Ulla. (Degustación de viños de 12:30 a 13:00 h.)

13.00 h.

- Saúdo do Alcalde de Vedra.
- PREGÓN A CARGO DE **MANUEL PRIETO COMESAÑA**, mais coñecido como “**MANQUIÑA**” (Polifacético actor, presentador e cantante).
- Entrega de premios do Concurso-cata de Viños da Subzona Ribeira do Ulla
- Nomeamento dos/as novos/as membros/as da “ORDE DOS AMIGOS E AMIGAS DA BOTA DO VIÑO DA ULLA”

14.00 h. VIÑO SON: **ODAIKO & VANESA MUELA**

15.00 h. ORQUESTRA **XACOBEO**

16.00 h. VIÑO FOLCLÓRICO:

- **A.C. SAN CAMPIO**: Grupos de música e baile Os Laxeirínos, Os Campiños, Pandereteiras Dedaleiras.
- **ULTREIA** Obradoiro de cultura tradicional

17.30 h. VIÑO FESTEIRO:

- “**LOS FABULOSOS WEEKEND**”
- **CHARANGA “O RECOBIO DE VAAMONDE”**
- “**A REQUINTA DA LAXEIRA**”
- **ORQUESTRA XACOBEO**



Espazo promocional dos Concellos da Subzona Ribeira do Ulla

Durante todo o día **Sorteo de Lotes de Produtos da Ulla**

Premios ás mellores Peñas: máis numerosa, máis festeira...

Haberá: polbo, filloas, chourizos, empanadas

AMPLAS APARCADOIROS



Xanela da Língua



CONMEMORACIÓN DO DÍA DO LIBRO EN VEDRA COA CAMPAÑA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA: “LIBROS PARA SERMOS LIBRES” 23 DE ABRIL

■ O Departamento de cultura do concello de Vedra con motivo do Día do Libro propón esta acción de promoción e difusión da lectura en galego en colaboración coa Deputación da Coruña.

CANDO?

- O martes 23 de abril.

HORARIO:

- De 9:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.


EN QUE CONSISTE?

- En que todas as persoas interesadas se poden facer cun libro en galego DE BALDE.

QUE TES QUE FACER?

- Unicamente achegarte ao Departamento de cultura do concello e recoller o teu libro.

HABERÁ literatura para todas as idades e de todos os xéneros!!



**Deputación
DA CORUÑA**

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáino-lo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.